

## O IMPRESIONISMO E O POSTIMPRESIONISMO

### I.-CONTEXTO HISTÓRICO

### II.-CARACTERÍSTICAS XERAIS

### III.- PRINCIPAIS REPRESENTANTES:

- ÈDOUARD MANET: O xantar campestre
- CLAUDE MONET: Impresión do sol nacente; A Catedral de Rouen.

### IV.- POSTIMPRESIONISTA:

- PAUL CEZANNE: Natureza morta con froiteiro. Os xogadores de cartas.
- VICENT VAN GOGH: A noite estrelada.
- PAUL GAUGIN: Visión despois do sermón, O Mercado.
- SEURAT: A tarde de domingo na Grande Jatte.

### I.-CONTEXTO HISTÓRICO

Co Impresionismo culmina a finais do S. XIX o longo camiño que a pintura occidental emprendera a comezos do s. XV: a captación da realidade. Con el comeza ademais a arte do S. XX, de xeito que o movemento impresionista é ao tempo, final dun proceso e comezo dunha arte nova. Aínda que é fundamentalmente un movemento pictórico, tivo manifestacións noutros campos da actividade artística: Debussy na música, Rodin na escultura e Zola ou Blasco Ibáñez na literatura. Todos eles teñen en común cos pintores a preocupación por captar un instante da realidade coa súa luz, a súa ambientación, a súa atmosfera, coma se fosen auténticos fotógrafos desa realidade. Dous descubrimentos serán fundamentais para este movemento:

- A Fotografía: os pintores impresionistas atoparon na fotografía un estímulo para a súa nova visión do mundo e tentaron captar ao voo o instante que se evade.

- O establecemento das Leis de cor por Chevreul, baseadas nas sete cores do espectro solar e as súas relacións entre si.

A comercialización dos pigmentos de pinturas en tubos, isto permitiu aos artistas poder levalos comodamente para pintar ao aire libre Os impresionistas comprenden e adoptan tales transformacións da visión. Con todo, aplicarán estas leis sempre con total liberdade. Indagarán á súa vez en novos descubrimentos que permitan expresar mellor o seu mundo de emocións persoais e subxectivas. E, precisamente, nesta conxunción de ciencia e liberdade radica a verdadeira orixinalidade do impresionismo.

Ademais, temos que sinalar toda unha serie de cambios sociais que afectan á posición social do artista:

- O artista busca experimentar e abrir novos camiños, crea por conta propia, sen encargos (desaparece o clientelismo). Identifícase coa vida bohemia e un certo malditismo. Conforman unha minoría que emprende novas formulacións, a miúdo incomprendidas e rexeitadas pola sociedade (a propia denominación é pexorativa). Este sentido de adiantados é a base para a configuración das vangardas, concepto chave na historia da arte do XX
- As Academias son substituídas polos marchantes e as galerías de arte, que recibiron ben as novas formas, pero a burguesía segue a preferir a arte oficial.

Por último, cabe sinalar o descubrimento da estampa xaponesa que chega a Europa coa apertura do mercado xaponés. Amosan formas simplificadas, tintas planas en áreas de cor, efectos de bruma nas atmosferas, ausencia de sombras, despreocupación pola perspectiva, encadres asimétricos, sen liña de horizonte ou moi alta, recortes abruptos laterais, planos medios baleiros. O artista deleitase coas leves mutacións atmosféricas e lumínicas polo efecto da choiva ou do vento, ou cos fugaces momentos de cambios nos xestos. Os impresionistas (e postimpresionistas) coleccionaron estampas xaponesas (Degas, Monet, pintáronas nos seus lenzos, copiáronas

## II.-CARACTERÍSTICAS XERAIS

Os trazos comúns neste movemento son:

Teoría das cores: Teñen en conta os estudos de Chevreul. Existen tres cores primarias (amarelo, vermello e azul) e tres complementarias (violeta, verde e laranxa).

No canto de fundir as cores no pincel ou na paleta, úsanse as cores puras e é o ollo do espectador o que os mestura. Os complementarios exáltanse xunto ao primario que non forma parte da súa composición, as cores resultan máis claras e luminosas (se xuntas unha pincelada vermella e outra amarela, o espectador de lonxe vainas percibir de cor laranxa). Eliminan os negros, grises e pardos.

Plasmación da luz: Os obxectos só se ven na medida que a luz incide sobre eles e cambian minuto a minuto coa luz. Un modelo non é nada, varía cada vez que é representado. Tentan captar as aparencias sucesivas, a impresión fugaz das cousas, por iso traballan rápido, en directo.

Coloración das sombras: as sombras deixan de ser negras e redúcense a espazos coloreados con tonalidades complementarias -lucos amarelos, sombras violetas- O claroscuro queda eliminado.

Pintura ao aire libre: foxen dos talleres ao campo, interesados polas paisaxes coa choiva, o fume, a néboa, o crepúsculo, os raios do sol...

Os temas son banais, sen importancia, inspirados na actualidade e con movemento: escenas urbanas, bailes, regatas, bulevares de París, carreiras de cabalos, bailarinas.

A técnica que empregan é a pincelada solta e rápida, de mancha pastosa e grossa, con toques xustapostos de cores claras, pero aplicadas con pinceis finos.

Prescinden da perspectiva xeométrica.

Non teñen carga política nin social, son artistas bohemios que viven en barrios como Montmartre.

Os principais pintores impresionistas son Claude Monet, Edgar Degas, Auguste Renoir, Alfred Sisley, Camille Pissarro e Berthe Morisot. Rexeitados nos Salóns oficiais e sen poder expoñer en ningures fundan a “Sociedade anónima de pintores, escultores e gravadores” e organizan unha exposición colectiva en 1874 que provocou un gran escándalo entre os críticos, un dos cales, Louis Leroy, na súa crónica do Crarivari, tomando como pretexto un cadro de Monet (Impresión, sol nacente), bautizou despectivamente ao grupo como “impresionista”. O rexeitamento foi xeneralizado pero non unánime, á vez que a maioría burlábanse das súas pinturas, empezou a xurdir un grupo de defensores que aos poucos conseguirán revalorizar o movemento. A vida do novo movemento non foi moi longa, cara a 1879 comezan as “desercións” no grupo que en pouco tempo disolverase seguindo os seus membros traxectorias dispares. Con todo, os seus ecos mantivéronse durante moitos anos (posimpresionismo, neoimpresionismo...) e a súa valoración cultural e comercial non deixou de aumentar ata hoxe.

### III.- PRINCIPAIS REPRESENTANTES DESTE MOVEMENTO SON:

**ÉDOUARD MANET**: Non foi propiamente un pintor impresionista, Senón unha figura que fai de ponte entre a pintura anterior, coa que raompe de maneira radical, aínda que aprte de postulados ralistas, ee os inicios do impresionismo, sendo antecedente dalgunhas das súas técnicas.

Era fillo dunha familia acomodada de París polo que non tivo nunca necesidade de vivir da pintura. Está considerado como o precursor do Impresionismo. Mantiña relacións co grupo de impresionistas, que o admiraban pola súa forma de pintar e por manter o seu propio estilo, a pesar do constante rexeitamento que tiñan as súas obras nos salóns oficiais. A súa pintura era bastante anti-académica tanto nos temas – escandalosos - como na maneira de aplicar a cor mediante grandes superficies, buscando ás veces contrastes bruscos, e outras, harmonías de claros sobre claros. Eliminou dos seus cadros “o acabado”, que consistía en dar por encima da pintura unha capa de verniz, o que contribuíu a aumentar o rexeitamento que xa tiña nos salóns oficiais. A partir de Manet, xa todos os artistas deixarán os seus cadros sen ese acabado quedando a pintura ao aire.

A pesar de ser un pintor rupturista coa arte do seu momento, destaca a influencia que teñen nel a pintura dos grandes artistas do pasado, como Tiziano, Rembrandt, e sobre todo de Velázquez e Goya, que descubre nunha viaxe por España.

## CLAUDE MONET:

Claude Monet naceu en 1840 en París. En 1874, participa na primeira exposición de Impresionistas en París. En 1883, instálase nunha casa espazosa en Giverny onde mandou facer un xardín xaponés como o adoitaba imaxinar. As pinturas deste xardín tiveron igualmente moito éxito. Claude Monet morre o 6 de Decembro de 1926. O nome deste movemento artístico vén da súa obra "Impresión ao amencer" A súa pintura é de *plein air*, como todo o impresionismo, cuxa principal preocupación é a luz e os seus efectos: brillos, reflexos, fenómenos atmosféricos... son os obxectos de atención de Monet que os plasma cunha pincelada lixeira e solta, cunha factura abocetada que deixa ao ollo do espectador a tarefa de completar o cadro na súa retina. Desta maneira, chegará a representar as formas a base de manchas incompletas, libres de liñas e de contornos facéndose máis dinámicas. Este método de análise que expón Monet descompón totalmente os obxectos e conducíralle paulatinamente cara á abstracción que alcanzará na súa última serie (Os Nenúfares (1905-09)), pintada durante os últimos anos da súa vida, recluído na súa casa de Giverny e practicamente cego. Tamén se dedicou a pintar unha e outra vez os nenúfares do seu xardín xaponés, elaborando unha extensa serie, chegando a unha completa desintegración das formas e transformando os nenúfares en simples manchas de cor bañadas por luces. Con todo, non esta claro ata que punto o límite de abstracción que alcanzou Monet é debido a un proceso de razoamento intelectual (como pouco despois faría Kandinsky) ou ás súas insuficiencias físicas (cegueira) que o conduciron por necesidade á abstracción.

## O POSTIMPRESIONISMO: CÉZANNE, VAN GOGH, GAUGUIN.

Adoita denominarse "postimpresionistas" a un grupo de artistas que, partindo das premisas do impresionismo, derivaron cara a unha pintura máis persoal que anuncia algúns dos movementos pictóricos máis importantes do século XX. Nunca formaron un grupo unitario nin sequera como tal unha corrente estética, Senón que a etiqueta posimpresionista define simplemente o grupo de artistas que partiron da ruptura radical que fixo a arte impresionista para explorar novos camiños na arte.

Se os impresionistas pintaron a natureza tal e como a vían explorando os reflexos da cor e creando unha ilusión máis perfecta que a impresión visual. Parecía pois que nada máis se podía conseguir avanzando por ese mesmo camiño. A finais do XIX (entre 1886, última exposición colectiva dos impresionistas, e 1907, ano en que se expón As señoritas de Avignon), cando a corrente impresionista parecía esgotada, novas tendencias comezaron a emerxer como reacción na súa contra: o Neoimpresionismo ou Puntillismo (Seurat) cos seus puntos de cor pura que se mesturan no ollo do espectador reconstruíndo as formas; o Simbolismo (Puvis de Chavannes) co seu meticuloso debuxo e coidadas luces coas que crea atmosferas inquietantes; o

Post-impresionismo no que se engloban un grupo de pintores (Cezanne, Van Gogh e Gauguin, ós que se debe engadir Toulouse-Lautrec), son artistas solitarios que partindo das premisas do Impresionismo acaban por superalo. As súas personalidades e o xeito de entender a pintura presentan claras diferencias, pois moito hai de subxectividade na súa obra, pero están vinculados pola súa conciencia xeracional e pola insatisfacción do movemento impresionista. Cada un na súa na súa soidade iniciou o camiño da recuperación das formas que priman sobre a luz, procuran o estable en oposición ó fuxitivo e transitorio da linguaxe impresionista.

Constitúen unha ponte entre a pintura do XIX e as vangardas do XX, tanto desde o punto de vista estético como persoal. O inconformismo, o risco, a ruptura coa tradición e, sobre todo, unha enorme vontade creadora, sitúan as súas figuras máis preto do dramatismo do século XIX que da propia época.

O que denominamos arte moderno naceu dos seus sentimentos de insatisfacción e das distintas solucións por eles creadas. Cézanne coa xeometrización das formas e os sólidos volumes obtidos a través de planos de cor, ha ter consecuencias no Cubismo xurdido en Francia (Picasso); Gauguin nunha volta ó primitivismo da linguaxe sinxela e directa e co emprego de cores planas e arbitrarias estará na base do Fauvismo, tamén nacido en Francia (Matisse); as formas serpeantes e apaixonadas de Van Gogh sustentan o movemento Expresionista (Munch) que tivo en Alemaña os seus principais representantes.

### PAUL CÉZANNE:

Cézanne procede dunha familia adinerada.

Era un home de provincia, de aspecto basto, de carácter huraño e desconfiado. Os seus amigos sempre o viron como a alguén estraño. Ata os seus últimos anos, alternou as estancias na capital con longas tempadas na casa de campo da súa familia, preto de Aix e outros lugares do sur de Francia como L'Estaque. Tras uns primeiros lenzos de concepción romántica, o trato con Pissarro condicionou a súa pintura. Axudoulle a aclarar a súa paleta, a interesarse polo bodegón e a paisaxe. Ensinoulle a pintar como un impresionista. Nesta época, Cézanne xa apuntaba cara á exaltación dos volumes, trazo que o diferencia dos demais impresionistas. A súa presenza na primeira exposición dos impresionistas (1874) co seu *Olimpia moderna* e *A casa do aforcado*, provocou rexeitamentos, xa que nin os membros do grupo acababan de entender a súa obra. Volveu tentar na terceira mostra (1877) repetíndose as críticas. Non se aceptou o seu estilo de pintura, polo que abandonou o grupo e trasladouse a Aix-en-Provence. O Impresionismo foi para Cézanne unha práctica, unha técnica, que tratará de acomodar ás súas intencións, onde a pincelada perde espesor e o colorido gaña pureza. En 1878 supera definitivamente a pintura impresionista. Para el o Impresionismo fundábase demasiado na sensación e na superficialidade. Retirado en Aix, illado da sociedade, empeza a exporse un modo de pintar que responda á esencia da realidade, á esencia propia dos obxectos, pero a través da súa

propia experiencia. Prescinde da emotividade e do sentimento para reflexionar sobre a linguaxe pictórica, meditando sobre as relacións entre a forma e a cor.

Concentrarase no bodegón esforzándose por atopar a cor exacta, xa que canto máis se axuste a cor, con máis precisión aparecerá a forma. Non aplicou o sistema de claroscuro tradicional e tampouco recorreu ao modelado nin ao debuxo. Cezanne aprendeu a técnica impresionista con Pissarro pero a súa pintura vai máis aló do impresionismo, creando despois de moitos anos de lenta evolución, recuperar o volume, grazas á xeometría, o debuxo e a definición das formas, mediante pinceladas que foron chamadas “construtivas”; todo iso sen renunciar á cor cuxa intensidade prima mediante os contrastes e as sombras coloreadas. Nos seus cadros potenciase o primeiro plano resultando comprimidos os demais e realiza pequenas distorsións, froito da utilización de máis dun punto de vista.

## VICENT VAN GOGH:

Pintor holandés. Vincent Van Gogh era o maior dos seis fillos dun pastor protestante, e mantivo co seu irmán Theo, catro anos menor que el, unha relación que sería determinante na súa existencia e a súa traxectoria artística. A correspondencia que ambos intercambiaron ao longo de toda a vida é o testemuño da intensidade desta relación. Estudou nun internado privado e con dezaseis anos entrou como aprendiz na filial da Haia da galería de arte parisiense Goupil & Cie., fundada polo seu tío Vincent; alí coñeceu as obras da Escola de Barbizon. O seu irmán presentoulle a Pissarro, Seurat e Gauguin, e esta situación coincidiría coa definición da súa pintura.

A súa paleta tornouse definitivamente colorista e a súa visión, menos tradicional, dando forma á súa persoal visión do postimpresionismo. O seu interese pola cor e pola captación da natureza induciuno a trasladarse a Arlés, onde a súa obra foi progresivamente expresando con maior claridade os seus sentimentos sobre o representado e o seu propio estado mental. Coa pretensión de crear o grupo dos «impresionistas do sur», Van Gogh alugou unha casa onde convidou os artistas con quen compartía intereses e na que Gauguin pasaría dous meses. A primeira crise mental, na que se cortou parte da orella esquerda, tivo lugar no Nadal do mesmo ano 1888. Sen conseguir superar o estado de melancolía e soidade en que se atopaba, en maio de 1890 trasladouse a París para visitar ao seu irmán Theo. Por consello deste, viaxou a Auvers-sur-Oise, onde foi sometido a un tratamento homeopático polo doutor, e pintor afeccionado, Paul-Ferdinand Gachet (ao que fará un retrato: “Doutor Gachet con pipa”) Neste pequeno pobo retratou a paisaxe e os seus habitantes, tentando captar o seu espírito. O seu estilo evolucionou formalmente cara a unha pintura máis expresiva e lírica, de formas imprecisas e cores máis brillantes. A pesar de que uns meses máis tarde o doutor Gachet considerou que se atopaba plenamente curado, o seu estado de ánimo non mellorou debido aos sentimentos de culpa provocados pola dependencia do seu irmán Theo e polo seu fracaso profesional. Sumido nesta situación de

angustia, o 27 de xullo Van Gogh disparouse no peito; morreu dous días máis tarde.

A súa pintura céntrase na cor aplicada con pinceladas moi características: sinuosa, cursiva e espesa; as cores son ás veces agresivos en contrastes pouco frecuentes – amarelo sobre laranxa...-. Abre as portas dos movementos expresionistas do século XX.

### **PAUL GAUGUIN:**

(París, 1848 - Atuona, Polinesia francesa, 1903): Pintor e escultor francés. Gauguin comezou tardiamente a súa carreira pictórica, antes fora empregado de banca, e como Van Gogh foi practicamente autodidacta. Desde París pasou a Bretaña, establecéndose en Pont-Aven onde liderou un grupo de artistas que desenvolveron un estilo caracterizado pola temática simbolista e unha técnica sintética. Tras da súa breve estancia en Arlés con Van Gogh, fuxindo da civilización rematou por instalarse en Tahití buscando unha vida sinxela que lle permitira, lonxe dos convencionalismos, facer unha pintura espontánea, poderosa e forte como as paixóns humanas. Neste sentido sentíase orgulloso de que lle chamasen bárbaro, pois con ese primitivismo estaba a abrir unha vía nova a través da simplificación das formas, das grandes manchas de cor e da despreocupación polo volume.

### **Neoimpresionismo:**

O neoimpresionismo e o puntillismo pretende recuperar o carácter científico da investigación cromática. Para conseguilo retoma as investigacións sobre a cor local e as súas combinacións de cores primarias, executadas en pinceladas minuciosas que eviten as mesturas heteroxéneas dos impresionistas. Ao mesmo tempo, pretende recuperar importancia académica e ser reintroducido nos salóns oficiais. O resultado é bastante estraño, posto que as imaxes atópanse sometidas a sólidas composicións xeométricas, lonxe da espontaneidade dos impresionistas. As cores aplícanse en puntos de cor primaria, uns xunto aos outros que, vistos de lonxe, mestúranse na retina dando o efecto de gamas cromáticas. O neoimpresionismo foi creado e desenvolvido por Seurat, quen o denominou nun primeiro momento cromoluminismo. Posteriormente, a linguaxe popular transformaríao en puntillismo, pola forma da pincelada que estende puntiños de cor pola superficie do lenzo, ou divisionismo, pola rixida separación das cores primarias e locais nestes puntiños.